

Polideportivo

FINAL GALEGA FEMININA DE RUGBY



17:00h

MURALLA - LALÍN

Estadio Gregorio Pérez Rivera



XUNTAS POR UN SOÑO

O Muralla Rugby feminino ten esta tarde unha cita histórica. O conxunto que dirixe Edgardo Martínez disputa unha final na que estará en xogo o título galego e unha praza para disputar a Fase de Ascenso á División de Honra Nacional

SQUASH - Hoxe

Campionato Galego sub 13 e sub 17

Corenta e oito xogadores e xogadoras participan neste Torneo de ámbito autonómico, organizado polo club lucense Squash Monstruños

ATLETISMO - Mañá

O Corre con Nós chega As Termas

Terceira cita do circuíto popular que xa está no ecuador da tempada. Os corredores irán tomando a saída a partir das 12:00 horas dependendo da súa categoría

Partidos destacados

Hoxe 17:00 h. **TENIS MESA**
2ª NACIONAL CTM Milagrosa - AD Vincios

Hoxe 18:00 h. **FÚTBOL**
LIGA 1-2-3 CD Lugo - Alcorcón

Hoxe 18:00 h. **VOLEIBOL**
SUPERLIGA 2 FEMININA Emevé - Chamberri

Mañá 17:00 h. **FÚTBOL**
TERCEIRA DIVISIÓN RC Villalbés - Noia

CICLISMO - Hoxe e mañá

A Volta a Lugo Máster terá 136 km

A primeira etapa sae hoxe de Escarón e terá 71 quilómetros. Mañá, con saída e chegada en Chantada, cun percorrido de 66 quilómetros



BILLAR

COMPETICIÓN BILLAR

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
LG 1ª	Pingons	Flama	Mañá
LG 1ª	Como Sempre	6.9	Mañá
LG 1ª	D'Vuelta	Dovalitos	Mañá
LG 1ª	Ponnos Outras	Pingos	Mañá
LG 1ª	Bolita Nocturna	Resurrection	Mañá
LG 1ª	Ferretería Elías	Pub Omega	Mañá
LG 2ª	Congratulexion	Bar Loureiros	Mañá
LG 2ª	Sagitario A	Chámalle X	Mañá
LG 2ª	Patacas Novas	Cantimploras	Mañá
LG 2ª	Mouchos	Tiempos Pool Bar	Mañá
LG 3ª	AS+	Open Pool 2018	Mañá
LG 3ª	Bolita & Bolita	Tutxy Sport	Mañá
LG 3ª	Los Vene	Siglo XXI	Mañá
LG 3ª	Pool Monia	Tiempos Modernos	Mañá
LG 3ª	Pooleros	O Braseiro	Mañá
Ind. Tiempos	Juan C. Yanes	David López	Mañá
Ind. Tiempos	Cande García	Israel Vila	Mañá
Ind. Tiempos	Diego Ramil	Antonio Espiño	Mañá
Ind. Tiempos	Ares Rey	Alfonso Torreiro	Mañá
Ind. Tiempos	Alexander López	Miguel A. Goyanes	Mañá
Ind. Carabelo	Azucena López	Javier García	Mañá
Ind. Carabelo	Victor M. López	Ramón Quiroga	Mañá
Ind. Carabelo	Jose Rey	Santiago Rguez	Mañá
Ind. Carabelo	Marcos Varela	Marcos Fdez	Mañá
Par 1ª	Raposo/Edgar	Jorge/Rubén	Mañá
Par 1ª	Damián/Rubén	Victor/Álex	Mañá
Par 1ª	Asier/Doval	Joaquín/Omar	Mañá
Par 1ª	Andrés/Díaz	Marcos/Chechu	Mañá
Par 2ª	Mar/Jaime	Sam/Sam	Mañá
Par 2ª	Open/Tiempos	Borja/Ángel	Mañá
Par 2ª	Amalia/Cazón	Marcos/Pablo	Mañá



DARDOS

COMPETICIÓN DARDOS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
Par. Inter.1	Abella	K2 Darts	Mañá
Par. Inter.2	Pipoka Team	A Unión	Mañá
Par. Inter.3	Monopoli	Ruxedarts	Mañá
Par. Inter.3	Victor & Mera	Ruxedarts	Mañá
Par. Inter.3	Peseta Elvis	A Veiga	Mañá
Par. Inter.4	LLega Papá	En la llama	Mañá
Par. Inter.5	Pool&Darts	Ortegalteam	Mañá
Par. Inter.5	K2 Evolution	Gaudinos	Mañá
Par. Inter.6	Politécnica	Gaucho	Mañá
Par. Inter.6	Os Trampas	A Pao Seco	Mañá
Par. Inter.6	Rocketeam	Politécnica	Mañá
Par. Inter.7	Cereales Killers	Baco Darts	Mañá
Par. Inter.7	Canadiseses	Chacaritas	Mañá
Par. Inter.7	Arresgando	Astillas Darts	Mañá
Gallega	Bregón	Orendarts	Mañá
Gallega	A Veiga	Casa Manuel	Mañá
Gallega	Pipoka Team	Papoko Darts	Mañá
Gallega	Os Renacidos	Icaro Pub	Mañá
Gallega	Chacaritas	Baco Darts	Mañá
Gallega	A Bichería	Mosketeros	Mañá
Gallega	Ruxedarts	Astillas	Mañá
Gallega	Gaucho Darts	Chocolate	Mañá
Gallega	Pub Tibor	Xeixo Master	Mañá
Gallega	Politécnica	Vilar de Santos	Mañá
Gallega	Os de Sempre	Hannalás	Mañá
Gallega	Perfil	Team darts	Mañá
Gallega	Amigos da Lacra	La Bolsa darts	Mañá
Gallega	Bar Mario	Reates	Mañá
Gallega	Os de Monforte	El sin Nombre	Mañá
Gallega	Titanes	Tiempo 2018	Mañá
Gallega	Rocketeam	A Chozas	Mañá
Gallega	Drink Darts	Caf Estas	Mañá
Gallega	Yenus	Aritmica	Mañá
Gallega	Bar Gaucho	Drink Team	Mañá
Gallega	Braseiro	Oasis	Mañá
Gallega	Náutico	Calquera Darts	Mañá
Gallega	Novo Carabelo	Abella	Mañá
Gallega	Carabelos	Hollwood	Mañá
Gallega	La Oficina	Planta baja	Mañá
Gallega	Bregón II	Os Darderos	Mañá
Gallega	Bar Checo	Gael Darts	Mañá
Gallega	Abella	Gaudinos	Mañá
Gallega	Tiempos 2018	Villalba	Mañá



HÓCKEY LIÑA

COMPETICIÓN HOCKEY LIÑA

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
L. Benxamín	Lóstregos XXI	Vigo Blue	D. Cordido	Mañá 11:40h
L. Benxamín	Minimeigas	G. Rollers	D. Cordido	Mañá 12:50h
L. Benxamín	P. Lóstregos	Alquimia	D. Cordido	Mañá 14:00h
L. Benxamín	Minimeigas	Mórcegos	D. Cordido	Mañá 15:10h
L. Benxamín	Alquimia	Lóstregos XXI	D. Cordido	Mañá 16:20h
L. Benxamín	Vigo Blue	P. Lóstregos	D. Cordido	Mañá 17:30h
L. Benxamín	CHF Meigas	Alquimia	D. Cordido	Mañá 19:30h



XADREZ

LIGA GALEGA POR EQUIPOS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
D. Honra	Padrón A	Círculo das Artes	Hoxe
D. Honra	ELX Xaquedrum	Xadrez Tui	Hoxe
D. Honra	EXP U Vigo	Círculo Chantadino	Hoxe
1ª División	Grupo Bazán	ELX Xadrez Lugo	Hoxe
1ª División	Recateo Div.	Macondo A	Hoxe
1ª División	Recateo Guer.	Alexandre Bóveda	Hoxe
2ª División	Grupo Bazán C	ELX Fornos F.V.	Hoxe
2ª División	XDM Sigras B	Viveiro	Hoxe



BAILE DEPORTIVO



Mañá. Ribadumia

TROFEO CONCELLO DE RIBADUMIA DE BAILE DEPORTIVO

Os bailaríns lucenses Brais, Carla, Uxue e Rita da escola Star Dance competirán na modalidade de danza coreográfica latinos con opcións de facerse co primeiro posto, e seguir sumando puntos de cara ao campionato galego que se celebrará o vindeiro mes de maio.

Na categoría de iniciación, estrearease o grupo formado por Paula, Carla e Adriana.

O torneo contará coa presenza de máis de 300 deportistas de España e de Portugal que desfilarán pola cancha do pavillón de A Senra desde as nove da mañá ata as nove da noite.



FÚTBOL SALA

COMPETICIÓN FÚTBOL SALA

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
1ª Div. F.	CD Burela	C. Burgas	V. Alegre	Hoxe
3ª Div. M.	Culleredo	Casás	M. Tarrío	Hoxe 17:30h
3ª Div. M.	P. Borbén	Vitalba FS	M. Borbén	Hoxe 19:00h
3ª Div. M.	Ribeira	Coruxo FS	P. Municipal	Hoxe 20:00h
3ª Div. M.	Sta. Isabel	Pontenova	M. Outeiro	Hoxe 17:30h
Xuv. Gal	Prono	Begonte	Terra	Mañá 16:30h
Xuv. Gal	Poio	Meigallos	Poio	Hoxe 20:00h
Xuv. Gal	Burela FS	C. de Coles	V. Alegre	Mañá 18:00h
Inf. Gal	Meigallos	Santiago	N. Chanto	Mañá 12:00h
Inf. Gal	Parrulo	Lumieira	A Malata	Hoxe 16:30h
Inf. Gal	Lugo Sala	Casás	Palomar	Hoxe 16:30h



VOLEIBOL

Hoxe. Pazo dos Deportes. Lugo EMEVÉ-CHAMBERÍ

As rapazas do Emevé disputan esta tarde o primeiro partido da fase de Ascenso á Liga Iberdrola ante o Madrid Chamberí que rematou a competición regular na primeira praza do Grupo A. O equipo masculino xoga o segundo encontro da fase contra o Leganés, na localidade madrileña.

COMPETICIÓN VOLEIBOL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Superliga2 M	Leganés	Emevé	Leganés	Hoxe 19:00h
Superliga2 F	Emevé	Chamberí	P. Municipal	Hoxe 18:00h
1ª Xuv. Fem	Oleiros	Emevé	Oleiros	Hoxe 10:00h
1ª Xuv. Mas	Calasancias	Emevé	A Coruña	Mañá 12:00h
2ª Xuv. Fem	Volei Lugo	DompaVolei	C Deporte	Hoxe 10:00h
3ª Xuv. Fem	Ribeira Sacra	Emevé	A Pinguela	Hoxe 18:30h
3ª Xuv. Fem.	Korbis	San Martiño	A Pinguela	Mañá 12:00h
1ª Cad. Fem	Oleiros	Emevé	Oleiros	Hoxe 19:00h
1ª Cad Mas	Emevé	Vigo	C Deporte	Mañá 11:00h
1ª Cad Mas	Korbis	Volei Dumbria	A Pinguela	Hoxe 17:00h
2ª Cad Fem	Noia	Volei Lugo	C Deporte	Hoxe 12:00h
1ª Inf. Fem.	Gomez Lor	Korbis	Pontevedra	Hoxe 16:30h
1ª Inf. Fem.	Emevé	Boiro	C Deporte	Mañá 12:00h
1ª Inf. Fem.	Cambados	Ribeira Sacra	Cambados	Hoxe 11:00h
3ª Inf. Fem.	Ribeira Sacra	V. Ourense	A Pinguela	Hoxe 10:00h
3ª Inf. Fem.	Korbis B	Allariz	A Pinguela	Hoxe 17:00h



NATACIÓN

Hoxe. Lugo e Monforte 4ª XORNADA DA LIGA BENXAMÍN

O Club Fluvial de Lugo e o Club de Natación de Monforte organizan a cuarta xornada da Liga Galega Benxamín nos seus respectivos grupos. A competición entra na recta final co Portamiña como o club coa segunda mellor puntuación de Galicia, e co Fluvial na cuarta posición dese ranking.

Mañá. San Cibrao BAUTISMO DE BUCEO

A piscina olímpica de Liewro, en San Cibrao, acolle unha xornada de bautismo no mergullo subacuático organizada pola Escola de Mergullo-Centro de Actividades Subacuáticas Costa Lugo e mais polo concello de Cervó. Trátase dun primeiro achegamento a este deporte da man da monitora do club Ana Ferreiro, na que os participantes adquirirán algunhas noções básicas.



BALONCESTO

COMPETICIÓN BALONCESTO

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
LEB Oro	I. Palma	CB Bregón	Mallorca	Merc. 20:30h
Liga Fem. 2	Barça CBS	Ensiño	St. Felu	Hoxe 13:30h
EBA	CB Chantada	CB León	Chantada	Hoxe 18:30h
EBA	Rosalía	Estudiantes	Santiago	Hoxe 18:15h
1ª Div. Masc.	Bosco	Estudiantes	Ourense	Mañá 17:00h
2ª Div. Masc.	CB Celtas	PBB B	Marzán	Hoxe 18:00h
2ª Div. Masc.	CB Viveiro	Ourense	Viveiro	Hoxe 18:00h
1ª Aut. Fem.	CB Sarria	BBCA	N. Chanto	Mañá 17:00h
2ª Aut. Fem.	Sagrado C.	Culleredo	Anexo 2	Hoxe 20:00h
3ª Div. Mas.	San Ciprián	BBCA	S. Ciprián	Mañá 17:00h
3ª Div. Mas.	B. Coruña	Terra Chá	Coruña	Hoxe 20:00h
3ª Div. Mas.	CB Sarria	Barbadás	N. Chanto	Hoxe 18:00h
3ª Div. Mas.	Porta XI	Chantada B	Anexo 2	Mañá 12:00h
Júnior Mas.	Estudiantes	Xuven	Anexo 1	Hoxe 16:00h
Júnior Fem.	Estudiantes	PBB A	Anexo 2	Hoxe 18:00h
Júnior Fem.	Ensiño	Bosco	Pazo	Mañá 12:30h
Cad. Mas.	Estudiantes	PBB A	Anexo 1	Hoxe 20:00h
Cad. Fem.	Ensiño	Carmelitas	Anexo 2	Hoxe 20:00h
Cad. Fem.	Estudiantes	Bosco	Anexo 2	Mañá 17:00h
Inf. Masc.	Estudiantes	PBB A	Anexo 1	Hoxe 18:00h
Inf. Masc.	Blanco Amor	CB Ribadeo	Ourense	Mañá 17:00h
Inf. Fem.	Allariz	Estudiantes	Allariz	Mañá 20:00h
Inf. Fem.	Carmelitas	Ensiño	Ourense	Mañá 19:00h
Preinf. M.	Galén	Sigaltec	Anexo 2	Hoxe 16:00h
Preinf. M.	Estudiantes	Bosco	Anexo 1	Mañá 10:00h
Preinf. M.	Tuí	CB Burela	Tuí	Hoxe 18:00h
Preinf. F.	Estudiantes	PBB B	Pazo	Hoxe 18:00h

SQUASH

Hoxe. Pazo dos Deportes. Lugo CAMPIONATO GALEGO SUB 13 E SUB 17

Corenta e oito xogadores e xogadoras participan neste torneo de ámbito autonómico, organizado polo club lucense Squash Monstruños, que achega vinteun participantes á competición. Entre eles, algúns dos grandes favoritos ao título na categoría sub 13 como Hugo Mon, campión de España sub 13 en 2017; Olivia Mon, que ven de acadar o subcampionato español na categoría sub 11, ou Antía Pernas.

No cartel da competición sub 17, figuran outros campións españois como Arón Astray, do Squash Santiago, e Marta Domínguez, de Squash Pontevedra, ouro no nacional sub 19.

Os partidos comezan ás 9:30 h. no Pazo Universitario dos Deportes e o momento culminante da xornada será a disputa das finais, a partir das 19.00 h.

TENIS DE MESA

COMPETICIÓNS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
2ª Nacional	CTM Milagrosa	AD Vincios	Hoxe 17:00h
2ª Nacional	Dez Portas	Vigo TDM	Hoxe 17:00h
1ª D. Galega	SD Ribadeo	CTM Milagrosa	Hoxe 16:00h
1ª D. Galega	CTM Coruña B	Viveiro TDM	Hoxe 16:00h
1ª D. Galega	CTM Coruña A	Viveiro TDM	Hoxe 18:00h
1ª D. Galega	TDM San Ciprián	Dez Portas Caixa	Mañá 11:00h
2ª D. Galega	Travel Brand	Dez Portas	Mañá 11:00h
3ª D. Nacional	SD Ribadeo	CTM Coruña	Hoxe 16:00h
3ª D. Nacional	Dez Portas Porta	Rábade	Hoxe 17:00h
3ª D. Nacional	Narón	Dez Portas Grao	Mañá 11:00h

ATLETISMO

Mañá. Centro Comercial As Termas CORRE CON NÓS - AS TERMAS

O circuito de carreiras populares organizado polo concello de Lugo chega ao ecuador coa disputa desta proba que terá saída e chegada no aparcadorio superior do Centro Comercial As Termas.

Os corredores irán tomando a saída de forma escalonada segundo as categorías:

Minibxamin: 12.00 h.
Bxamin e alevín: 12.10 h.
Infantil e cadete: 12.20 h.
Adultos: 12.45 h.

O percorrido dos adultos ten unha distancia de 4.400 metros que realizarán en dúas voltas polo traxecto establecido no entorno do centro comercial, que combina asfalto con terra.

A organización calcula que o participación rondará os 1.200 atletas. Os participantes terán á súa disposición as duchas e os vestiarios da piscina do Parque da Friga.

Hoxe e mañá CAMPIONATO DE ESPAÑA SUB 16 EN PISTA CUBERTA

Oito atletas lucenses participan neste campionato que supón a primeira gran cita de carácter nacional para moitos dos setecentos deportistas inscritos.

Álvaro López (600 ml), Iker González (1.000 ml), Carmen Victoria González (600 ml), Lucía Sánchez del Valle (combinadas), de Franciscanos Lugo; Antón Martínez (3.000 ml) e Aitor Fernández (pérttega de Atletica Lucense; Ainara Rodriguez (600 ml) de Maderas Barcia Lourenzá; e Paula Piñón (peso, 3 kg.) de Atletismo Friol forman a delegación lucense no torneo que se disputará ao longo desta tarde e mañá en Sabadell.

Mañá. Castellón CAMPIONATO ESPAÑA DE MARCHA

Marcos Cintrón do Lugo RC Ramos Lourés participará neste campionato de marcha coa mellor marca na proba dos 20 km. na categoría absoluta.

Mañá. Santiago de Compostela CAMPIONATO GALEGO 5.000 M. E 10.000 M.

Unha decena de atletas de clubs lucenses – Atlética Lucense, Lucus Caixa Rural, Verxel Nutrición Deportiva e Fluvial – participan mañá nos campionatos galegos de 5.000 e 10.000 metros nas pistas de atletismo da Universidade de Santiago de Compostela.

BALONMÁN

COMPETIÇÃO BALONMÁN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
1ª Aut. Mas.	ED Poio	BM Viveiro	Poio	Hoxe 16:30h
2ª Aut. Mas.	BM Lucus	Lavadores	C. Deporte	Hoxe 19:00h
2ª Xuv. Mas.	Bueu	BM Viveiro	Bueu	Hoxe 15:00h
2ª Cad. Mas.	BM Viveiro	Arteixo	P. Viveiro	Mañá 11:00h
2ª Cad. Mas.	BM Narón	BM Lucus	Narón	Hoxe 18:45h

LOITA OLÍMPICA

Hoxe. Pontevedra CAMPIONATO DE ESPAÑA ESCOLAR E CADETE

Loitadores lucenses forman parte das seleccións galegas da categorías escolar e cadete, que disputarán os campionatos que se celebran ao longo da xornada no Pavillón dos Deportes de Pontevedra.

375 deportistas das dezasete comunidades autónomas – 175 en idade escolar e 200 en cadete- participan no torneo. As seleccións galegas optan ao podio nas tres modalidades –Loita Olímpica, Loita Feminina e Grecorromana- tanto no campionato escolar como no cadete.

CICLISMO

Hoxe e mañá. Escairón e Chantada VOLTA A LUGO MASTER

A proba, organizada polo Club Ciclista Chantadino, consta nesta edición de dúas etapas. Hoxe dispútase a primeira, con saída e chegada en Escairón, e 71 quilómetros de percorrido, propicios para rodadores, aínda que o Alto de Toiriz, preto da meta, pode decidir o gañador do día. Mañá dispútase a segunda etapa, de 66 quilómetros, con saída e chegada en Chantada.

Mañá. Viveiro. VIVEIRO BIKE EXTREME

Ás 9:00 h., está previsto que tomen a saída na Praza Pastor Díaz de Viveiro os 117 ciclistas inscritos nesta proba de BTT Cross Country Maratón para corredores de Sub 23 a Master 60. A carreira, organizada polo Club Peña Ciclista Lar, terá un percorrido de 65 quilómetros.

Paralelamente a esta proba da Copa Galicia da modalidade, organízase unha marca cicloturística, non competitiva, a que se sumarán medio cento de corredores.

FÚTBOL



COMPETIÇÃO FÚTBOL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Liga 1-2-3	CD Lugo	Alcorcón	Anxo Carro	Hoxe 18:00h
3ª División	RC Villalbés	Noia	Magdalena	Mañá 17:00h
Preferente	Escairón	Órdenes	O Saviñao	Mañá 17:00h
Preferente	Castro	At. Arteixo	M. Castro	Mañá 17:00h
Preferente	As Pontes	Outeiro	O Poblado	Mañá 17:00h
Preferente	Sofán	Polvorín	As Eiroas	Mañá 17:00h
Preferente	Dumbria	Residencia	O Conco	Mañá 17:00h
Preferente	Ribadeo	Beltanzos	P.Barrera	Mañá 17:00h
Preferente	Viveiro	Paosaco	Cantarrana	Mañá 17:00h
1ª Aut.	San Ciprián	Valle de Oro	A Veiga	Mañá 16:30h
1ª Aut.	O Páramo	Riotorto	As Rapadas	Mañá 12:00h
1ª Aut.	Taboada	Lemos	A Medela	Hoxe 16:15h
1ª Aut.	Xermade	Ferreira	M. Xernade	Mañá 16:30h
1ª Aut.	San Roque	Sarriana	Polvorín	Mañá 17:00h
1ª Aut.	Pastorcense	Monterroso	Acebreiro	Mañá 17:00h
1ª Aut.	Bóveda	Chantada	H. Somoza	Mañá 16:30h
1ª Aut.	Foz	Xove Lago	M. Otero	Mañá 17:00h
1ª Aut.	Pontenova	Santaballés	A Mina	Hoxe 16:30h

FÚTBOL

COMPETIÇÃO FÚTBOL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
2ª Aut.	Folgueiro	Roupar	Boa Vista	Hoxe 16:00h
2ª Aut.	Cospeito	Ourol	A Fonte	Mañá 16:30h
2ª Aut.	Candelaria	Iberia	A Grandá	Mañá 17:00h
2ª Aut.	Lourenzá	Pol	Sta Cruz	Mañá 17:00h
2ª Aut.	Guitiriz	Burela	Suso Cruz	Hoxe 16:30h
2ª Aut.	Meira	Matela	A Lomba	Mañá 16:30 h
2ª Aut.	Alfoz	Cabreiros	M. Alfóz	Hoxe 17:30h
2ª Aut.	Mondoñedo	Abadín	V. da Veiga	Mañá 16:30h
2ª Aut.	S. Lucense	MonterrosoB	Rquez Lago	Hoxe 18:00h
2ª Aut.	Chantada B	Rubián	Sangoñedo	Hoxe 16:00h
2ª Aut.	Castroverde	Palas	V. do Olmo	Mañá 16:30h
2ª Aut.	Oural	Brollón	L. Pallín	Hoxe 16:00h
2ª Aut.	Milagrosa	Antas	L. Gorgoso	Hoxe 18:00h
2ª Aut.	Sta. Comba	Friol A	T. do Novo	Hoxe 16:30h
2ª Aut.	Portomarín	Becerraá	C. da Poza	Mañá 17:00h
2ª Aut.	S. Lázaro	Chantada A.	A Ponte	Mañá 16:30h
3ª Aut.	Comercial	Sober	Rquez Lago	Mañá 17:00h
3ª Aut.	Fonsagrada	Goiriz	G. Besteiro	Hoxe 16:30h
3ª Aut.	O Incio	Corgo	Carbeiro	Hoxe 16:30h
3ª Aut.	Castro Roldas	Cervo	A Canteira	Mañá 16:30h
3ª Aut.	Cazás	Muimenta	4 Ventos	Hoxe 16:30h
3ª Aut.	Rábade	Celeiro	4 Ventos	Hoxe 16:00h
3ª Aut.	Barreiros	Friol B	Cascabeiro	Mañá 16:30h
3ª Aut.	At. Taboada	Lajosa	A Medela	Hoxe 17:00h
3ª Aut.	Quiroga	Becerraá	M. Quiroga	Mañá 16:30h
3ª Aut.	Paradela	Río Sil	Gandarón	Mañá 16:30h

COMPETIÇÃO FÚTBOL VETERÁNS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
V. local	R. Fraín	Sagrado C.	Rquez Lago	Mañá 10:00h
V. local	Peñarol	Albeiros	Polvorín	Hoxe 20:00h
V. local	PV Montajes	San Roque	A Cheda	Mañá 12:00h
V. local	Outeiro	Agor	Rquez Lago	Hoxe 20:00h
V. local	Milagrosa	Comercial	Rquez Lago	Hoxe 20:00h
V. local	As Gándaras	Ferrovial	Rquez Lago	Mañá 17:00h
V. local	Bretaña	Corgo	Rquez Lago	Hoxe 16:00h
V. local	Residencia	Hostelería	A Cheda	Hoxe 20:00h
V. local	O Picato	Garabotos	L. Gorgoso	Mañá 17:00h
V. Prov.	Cospeito	Abadinsense	A Fonte	Hoxe 18:00h
V. Prov.	Saavedra	Sarriana	Os Milagros	Hoxe 16:00h
V. Prov.	Gaioso	Trasnos	O Penedo	Hoxe 17:00h
V. Prov.	Momán	Pol	Da Veiga	Mañá 11:30h
V. Prov.	Becerraá	Guntín	M. Becerraá	Hoxe 18:00h
V. Prov.	Sarría	Paradela	A Ribela	Hoxe 17:00h
V. Prov.	Lambroxos	At. Illán	A Ribela	Hoxe 20:00h
V. Prov.	Castro	Begonte	M. Castro	Mañá 11:30h
V. Prov. 2	Monterroso	Friol	Cerdeiriños	Mañá 11:00h
V. Prov. 2	Montouto	Albense	Magdalena	Hoxe 19:30h
V. Prov. 2	Pastorcense	Sarría	Acebreiro	Mañá 11:30h
V. Prov. 2	Sancobade	Codesido	Sancobade	Hoxe 17:00h
V. Prov. 2	Taboada	Santaballés	A Medela	Hoxe 17:00h
V. Prov. 2	Parga	A Canteira	N. Basanta	Hoxe 16:30h
V. Prov. 2	S. Lázaro	Rabadense	L. Gorgoso	Hoxe 20:00h

COMPETIÇÃO FÚTBOL BASE

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
X. Honra	CD Lugo	Bansander	A Reigosa	Mañá 12:00h
X. Honra	S. Gijón	RC Villalbés	Mareo	Mañá 17:00h
X. Nac.	Lérez	CD Lugo B	La Junquera	Hoxe 20:00h
X. Galega	Villalbés B	Montañeros	Roca	Hoxe 12:15h
X. Galega	Cerceda	Viveiro	O Roxo	Hoxe 16:30h
X. Galega	Verín	Calasancio	A Granxa	Hoxe 16:30h
C. Honra	Calasanz	CD Lugo	Elviña	Hoxe 18:30h
C. Galega	CD Lugo B	Victoria B	Rquez Lago	Mañá 12:00h
C. Galega	Villalbés	Montañeros	Roca	Hoxe 10:15h
C. Galega	Dumbria	Viveiro	O Conco	Hoxe 12:00h
C. Galega	Verín	Calasancio	A Granxa	Hoxe 18:45h
I. Galega	Pabellón	CD Lugo	Remedios	Mañá 12:15h
I. Galega	Polvorín	G. Caranza	Polvorín	Hoxe 12:00h
I. Galega	Pontevedra	Calasancio	La Junquera	Mañá 12:00h
Xuv. Aut.	Residencia	Castro	A Cheda	Hoxe 16:00h
Xuv. Aut.	Ribadeo	Lourenzá	P. Barrera	Hoxe 12:30h
Xuv. Aut.	Sagrado C.	Milagrosa	Rquez Lago	Hoxe 18:00h
Xuv. Aut.	P. Burela	Palas	A Marosa	Hoxe 16:00h
Cad. Aut.	Castro	Residencia	A Cheda	Hoxe 17:00h
Cad. Aut.	Sarriana	Ribadeo	A Medela	Hoxe 12:00h
Cad. Aut.	Xove Lago	Polvorín	M. Xove	Hoxe 17:00h
Inf. Aut.	Residencia	Villalbés	A Cheda	Hoxe 12:15h
Inf. Aut.	Ribadeo	Lugo B	P. Barrera	Hoxe 10:45h
Inf. Aut.	Pirngalla	Milagrosa B	Rquez Lago	Hoxe 12:00h
Inf. Aut.	P. Burela	Viveiro	A Marosa	Mañá 10:30h



Edgardo Martínez a fronte das súas xogadoras nun adestramento desta semana no que prepararon a conciencia a gran final

O Muralla Feminino, ante a súa gran cita

O CONXUNTO LUCENSE DISPUTARÁ ESTA TARDE, NO GREGORIO PÉREZ RIVERA DE LUGO, A FINAL POLO TÍTULO GALEGO na que tamén está en xogo unha praza para a Fase de Ascenso á máxima categoría nacional

Esta tarde o Muralla Rugby ten unha nova cita coa historia. O equipo da Primeira División Feminina da Liga Galega de Rugby xoga a final do campionato na que, ademais do título galego, está en xogo unha praza para disputar a Fase de Ascenso á División de Honra Nacional. O conxunto dirixido por Edgardo Martínez terá en fronte ao CR Coreti Lalín. As lucenses chegan á final tras rematar invictas a competición regular, pero a mínima diferenza pola que gañaron os dous encontros disputados na Liga contra as do Deza, o último na derradeira xornada, pronostican un encontro igualado.

O reto non é novo para o equipo feminino que xa ten no seu palmarés o título da LGR logrado hai dous anos. O ano pasado, quedaron ás portas de lograrlo. O plantel ten agora un grao máis de veteranía e conta coa experiencia das xogadoras cedidas polo CRAT Coruña, en virtude dun convenio de filiación asinado este ano entre os dous clubs. As xogadoras coruñesas, que durante a semana adestran coa metodoloxía e os recursos do equipo de División de Honra Nacional, disputan os partidos co conxunto lucense.

Fase de Ascenso

Unha vitoria ante o CR Coreti Lalín daríalle ao Muralla RC a opción de loitar polo ascenso de categoría nunha fase que reunirá aos campións de oito federacións autonómicas. Ademais da galega, a andaluza, a aragonesa, a catalana, a vasca, a valenciana, a madrileña e a castelá-leonesa. Os oito equipos quedarán encadrados en dous grupos de catro, por zona xeográfica. Nas tres primeiras xornadas mediranse aos rivais do seu grupo, e logo disputaranse as semifinais e a final. O gañador ascenderá directamente á División de Honra Nacional e o subcampión terá que xogar a praza na élite contra o equipo que ocupe a penúltima posición da liga superior. Trátase dun formato novidoso, no que se viña traballando nos últimos meses, e que a Federación Española de Rugby fixo oficial esta mesma semana. Segundo o calendario publicado, ao

equipo galego tocaríalle medirse na fase de grupos ás campioas do País Vasco, Aragón e Cataluña.

o club ten ao alcance da man a posibilidade de intentar o salto a unha primeira categoría nacional dez anos despois de que o equipo masculino xogara a súa última tempada na elite do rugby español.

A disputa da Fase do Ascenso é un reto no plano deportivo, pero tamén no económico, xa que custear os desprazamentos para xogar os partidos suporía un gran esforzo para as arcas do Muralla RC.

O club espera o ambiente das mellores tardes de rugby esta tarde a partir das 17.00 h. no Gregorio Pérez Rivera, para animar ao equipo e para seguir recuperando e extendendo a afección a un deporte que tivo a súa época dourada en Lugo nos anos oitenta e noventa, co histórico Xabarán RC e co Euita RC.

Un referente para a base

O obxectivo último de calquera logro competitivo de calquera dos equipos sénior é, segundo expli-

can desde o club, conseguir que os xogadores e xogadoras da súa Escola de Rugby teñan neles os seus referentes.

O traballo coa base é unha prioridade para o Muralla RC, que quere seguir medrando sobre os piares dunha canteira propia e nutrida. O número de nenos e nenas que se están achegando ao rugby nos últimos anos foi aumentando, e o club conta xa con máis de 60 deportistas nas categorías inferiores.

Precisamente, os máis novos teñen tamén esta xornada unha cita en Santiago de Compostela onde o club local é anfitrión dunha concentración que abarca desde as categorías sub 6 ata sub 14.

A fin de semana completárase co partido do equipo masculino da Segunda División da Liga Galega de Rugby que xogará o primeiro partido dos Play Off polo título contra Fendetestas, líder da Liga regular, mañá ás 12.30 h. no Campo do Monte Medulio nas Pontes.



O plantel do Muralla antes de iniciar un adestramento esta semana no Gregorio Pérez Rivera